

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno, relativa ao pago do aparcadoiro no Novo Hospital de Vigo:**

Un dos moitos problemas do modelo privatizador elixido polo Partido Popular para a Construción do Novo hospital de Vigo é a orientación clara ao negocio dunha estrutura que debera estar adicada integramente á saúde das veciñas e veciños da área sanitaria de Vigo. Dito modelo levou a privatizar os servizos considerados non sanitarios pola Xunta de Galicia, a provisión enerxética e a explotación do aparcadoiro e locais comerciais.

O problema do aparcadoiro, xa debatido na Cámara, pode resumirse en que, tanto persoas traballadoras, coma enfermas e familiares deben pagar polo uso do mesmo ou, o que é o mesmo, unhas pagan por ir traballar e outras por estaren enfermas.

Alén da necesidade de transporte público adecuado e de calidade e do propio transporte sanitario (reservado só para determinados casos e que tampouco é público), centos de persoas precisan deixar os seus vehículos diariamente no centro o cal eleva a magnitude do problema, dun aparcadoiro que debera ser de balde.

Ante as denuncias do persoal e das persoas usuarias, a Xunta limitouse a “negociar” un número de prazas libres de pago para o persoal e unha serie de descontos para algúns colectivos de enfermas e enfermos crónicos. Isto, ademais de representar un “parche”, supón un repago con cartos públicos, xa que ditos descontos terían que ser sufragados pola Consellería, é dicir, dos cartos de todas e todos.

Para máis abundamento, a sorprendente xustificación ofrecida pola Conselleira de Sanidade, dicindo que en moitos outros centros do SERGAS o aparcadoiro era xa de



pago, anuncia a confirmación do cambio real da sanidade, dun modelo público centrado na saúde a un privado centrado no negocio.

Atendendo a estes motivos, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) pregunta:**

Cales son as condicións contractuais dos diferentes aparcadoiros privados nos hospitais do SERGAS?

Compostela, 24 de setembro de 2015

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 25/09/2015 10:27:59**